

REGULAMENTO ORGÁNICO MUNICIPAL DO CONCELLO DE O PINO.

INDICE

TÍTULO PRELIMINAR - DISPOSICIÓNS XERAIS

Art. 1 - alcance do regulamento

Art. 2 - fontes normativas

Art. 3 - interpretación do ROM

TÍTULO II - DOS GRUPOS MUNICIPAIS

Art. 4 - constitución

Art. 5 - requisitos

Art. 6 - procedemento de constitución

Art. 7 - coñecemento por parte do Pleno

Art. 8 - situación de novos membros

Art. 9 - portavoz

Art. 10 - designación de membros en órganos necesarios ou complementarios

TÍTULO III - ORGANIZACIÓN NECESARIA DO CONCELLO

Art. 11 - órganos necesarios

Art. 12 - atribucións dos órganos

CAPÍTULO I - O PLENO

Sección 1ª - organización e funcionamento do Pleno

Art. 13 - definición

Art. 14 - atribucións

Art. 15 - delegacións

Sección 2ª - requisitos para a celebración das sesións

Art. 16 - réxime xeral

Art. 17 - tipos de sesións

Art. 18 - sesións ordinarias

Art. 19 - sesións extraordinarias

Art. 20 - sesións extraordinarias de carácter urgente

Art. 21 - finalización - unidade de acto

Art. 22 - orde do día

Art. 23 - convocatorias - exame de expedientes

Art. 24 - horario de exame de expedientes

- Art. 25 - quórum**
- Art. 26 - quórum especial**
- Art. 27 - asistencia pública**
- Art. 28 - orde de colocación dos grupos**

Sección 3ª - dos debates

- Art. 29 - orde de asuntos**
- Art. 30 - aprobación da acta anterior**
- Art. 31 - debate e votación dos demais asuntos**
- Art. 32 - tratamento de cada asunto**
- Art. 33 - debate: intervencións**
- Art. 34 - deliberacións**
- Art. 35 - chamadas á orde**
- Art. 36 - abstención**
- Art. 37 - intervencións terminoloxía**

Sección 4ª - das votacións

- Art. 38 - formalidades**
- Art. 39 - adopción de acordos**
- Art. 40 - carácter persoal e indelegable do voto**
- Art. 41 - senso do voto**
- Art. 42 - tipos de votacións**
- Art. 43 - votación ordinaria**
- Art. 44 - votación nominal**
- Art. 45 - votación secreta**
- Art. 46 - cómputo de votos e resultado**
- Art. 47 - explicación do voto**

Sección 5ª do control e fiscalización dos demais órganos de goberno polo Pleno

- Art. 48 - prohibición de reiteración de controles sobre o mesmo obxecto**
- Art. 49 - medios**
- Art. 50 - deber de comparecencia**
- Art. 51 - requerimento de presenza e información de membros corporativos ou directivos que ostenten delegación**
- Art. 52 - control sobre a actuación da Xunta de Goberno Local**
- Art. 53 - mocións de censura e cuestións de confianza**

Sección 6ª - das actas

- Art. 54 - contido**
- Art. 55 - libro de actas**

CAPÍTULO II - AS COMISIÓNS

Sección 1ª - disposicións comúns

- Art. 56 - das comisións informativas**
- Art. 57 - comisións permanentes**
- Art. 58 - comisións informativas especiais**
- Art. 59 - réxime de funcionamento**
- Art. 60 - réxime de sesións**
- Art. 61 - quórum**
- Art. 62 - deliberación**
- Art. 63 - dictames das comisións informativas**
- Art. 64 - asistencia doutros membros**
- Art. 65 - actas**

Sección 2ª - outras comisións

- Art. 66 - comisión especial de contas**

CAPÍTULO III - O ALCALDE

- Art. 67 - atribucións do Alcalde**
- Art. 68 - delegacións da Alcaldía**
- Art. 69 - delegacións xenéricas**
- Art. 70 - outras delegacións**
- Art. 71 - procedemento**

CAPÍTULO IV - OS TENENTES DE ALCALDE

- Art. 72 - nomeamento**
- Art. 73 - perda da condición**
- Art. 74 - funcións**
- Art. 75 - limitación de funcións**

CAPÍTULO V - A XUNTA DE GOBERNO LOCAL

- Art. 76 - composición**
- Art. 77 - constitución e periodicidade das sesións**
- Art. 78 - réxime de funcionamento**

DISPOSICIÓN FINAL - ENTRADA EN VIGOR

TÍTULO PRELIMINAR - DISPOSICIÓN XERAIS

ARTIGO 1 - ALCANCE DO REGULAMENTO

De conformidade co disposto no título X da Lei 7/85 de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local na súa redacción dada pola Lei 57/2003 de 16 de decembro de 2003, de medidas para a modernización do goberno local, o Concello de O Pino, no exercicio da potestad regulamentaria e de autoorganización que lle recoñece a citada Lei 7/85, promove polo presente regulamento orgánico a regulación da organización e réxime de funcionamento dos órganos necesarios e complementarios que no mesmo se establecen

ARTIGO 2 - FONTES NORMATIVAS

A organización e funcionamento interno do Concello de O Pino axustarase o seguinte orde xerárquico de fontes normativas:

- a) Lei 7/85 de 2 de abril reguladora das bases de réxime local
- b) Lei 5/97 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia e RDL 781/86 de 18 de abril
- c) regulamento Orgánico Municipal
- d) RD 2568/86 de 28 de novembro polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais para aquelas materias que resulte insuficiente a normativa establecida no regulamento orgánico.

ART 3 - INTERPRETACIÓN DO ROM

Corresponde ó Alcalde dictar instrucións interpretativas e aclaratorias da normativa reseñada no artigo anterior para a súa aplicación no municipio.

TÍTULO II - DOS GRUPOS MUNICIPAIS

ART. 4.- CONSTITUCIÓN

- 1) Ós efectos da súa actuación corporativa os concellais constituiranse en grupos municipais que se corresponderán cos partidos políticos, federacións, coalicións ou agrupacións que obtivesen postos na Corporación.
- 2) Cada partido político, federación, coalición ou agrupación constituirá un único grupo
- 3) Ninguén pode pertencer simultaneamente a máis dun grupo

ART. 5 - REQUISITOS

O mínimo de concelleiros para constituir grupo municipal é de dous.

Integraranse, en todo caso, no grupo mixto os membros dos partidos políticos, federacións, coalicións ou agrupacións que non tivesen obtido un mínimo de dous escaños.

No suposto de que non existise grupo mixto, éste quedará constituído polo membro do partido político, federación, coalición ou agrupación que obtivese un solo escaño.

ART. 6 - PROCEDEMENTO DE CONSTITUCIÓN

Os grupos políticos constituiranse mediante escrito dirixido ó Presidente e suscrito por tódolos seus integrantes, que presentará na Secretaría Xeral do Pleno dentro dos cinco días hábiles seguintes á constitución da Corporación.

No mesmo escrito de constitución farase constar a designación de portavoz do grupo puidendo designarse tamén suplentes.

Se algún concelleiro non asinase o escrito de constitución do grupo, iso non impediría a súa constitución e os non asinantes integraranse no grupo mixto.

ART. 7 - COÑECEMENTO POR PARTE DO PLENO

Da constitución dos grupos políticos, dos seus integrantes e portavoces, o Presidente dará conta ó Pleno na primeira sesión que se celebre tras cumprirse o prazo previsto no apartado primeiro do artigo anterior.

ART. 8 - SITUACIÓN DE NOVOS MEMBROS

Os membros da Corporación que adquiren a súa condición cos posterioridade á sesión constitutiva da Corporación, deberán incorporarse ós grupos municipais, conforme ás regras acordadas pola Corporación.

ART. 9 - PORTAVOZ

Será portavoz de cada grupo municipal o que designe cada un no momento da súa constitución ou ben o que así sexa designado pola maioría dos compoñentes da lista respectiva.

O grupo mixto poderá establecer un turno rotativo para o desempeño da función de portavoz, ou ben distribuírse entre os seus compoñentes o tempo que lle corresponda ó grupo

O portavoz de cada grupo será o encargado de intervir, normalmente nas deliberacións dos asuntos.

ART. 10 - DESIGNACIÓN DE MEMBROS EN ÓRGANOS NECESARIOS OU COMPLEMENTARIOS

Corresponde ós grupos políticos designar, mediante escrito do seu portavoz dirixido ó Presidente e nos termos previstos en cada caso no presente regulamento, a aqueles dos seus compoñentes que teñan que representalos nos órganos colexiados integrados por membros da Corporación pertencentes ós diversos grupos.

TÍTULO III - ORGANIZACIÓN NECESARIA DO CONCELLO.

ART. 11 - ÓRGANOS NECESARIOS

Por aplicación do disposto no título X da Lei 7/85 de 2 de abril reguladora das bases de réxime local na redacción dada pola Lei 57/2003 a organización necesaria do Concello configúrase do seguinte xeito:

- Pleno
- As Comisións do Pleno
- Alcalde
- Os Tenentes de Alcalde e demais membros da Xunta de Goberno Local
- A Xunta de Goberno Local

ART. 12 - ATRIBUCIÓNS DOS ÓRGANOS

As atribucións do Alcalde, do Pleno, das Comisións do Pleno, da Xunta de Goberno Local, dos Tenentes de Alcalde e dos demais órganos necesarios son as que veñen determinadas no título X da Lei 7/1985 de 2 de abril reguladora das Bases de Réxime Local.

CAPÍTULO I - O PLENO

Sección 1ª - Organización e Funcionamento do Pleno

ART. 13 - DEFINICIÓN

De conformidade co disposto no art. 122.1 da Lei 7/85 o Pleno, formado polo Alcalde e os concelleiros, é o órgano de máxima representación política dos cidadáns no goberno municipal

ART. 14 - ATRIBUCIÓNS

As atribucións do Pleno son as establecidas no art. 123.1 da Lei 7/85

ART. 15 - DELEGACIÓNS

O Pleno poderá efectuar delegacións en favor da Xunta de Goberno Local segundo o disposto na Lei 7/85

Sección 2ª - Requisitos para a celebración das sesións

ART. 16 -. RÉXIME LEGAL

Os tipos de sesións e a súa convocatoria se rexerán polo establecido na Lei 7/85 do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e pola lei 5/97 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia.

ART. 17 - TIPOS DE SESIÓNS

As sesións do Pleno poden ser de tres tipos

- ordinarias
- extraordinarias
- extraordinarias de carácter urgente

ART. 18 - SESIÓN ORDINARIAS

- 1) Son sesións ordinarias aquelas cuia periodicidade está preestablecida. Dita periodicidade será fixada por acordo do propio Pleno adoptado en sesión extraordinaria que terá que convocar o Alcalde dentro dos trinta días seguintes ó da sesión constituiva da Corporación.
- 2) O Pleno celebra sesión ordinaria cada dous meses, nos días e horas que se fixen polo mesmo, e que poderán ser cambiados en calquera momento posterior por dito órgano. Igualmente o Presidente, por propia iniciativa ou a petición dos portavoces, por causa xustificada, poderá variar o día e a hora dalgunha sesión alonxando, so o imprescindible, dos fixados polo Pleno e comunicándoo ós interesados e publicándoo no taboleiro de edictos coa maior anticipación posible.
- 3) As sesións poderán celebrarse en primeira ou en segunda convocatoria. A segunda convocatoria será dous días despois da sinalada para a primeira, ou o día seguinte hábil se coincidise en festivo. Neste caso non será necesario o envío da orde do día, pero sí a notificación da súa celebración en segunda convocatoria

ART. 19 - SESIÓN EXTRAORDINARIAS

Son sesións extraordinarias aquelas que convoque o Presidente con tal carácter a iniciativa propia ou a solicitude da carta parte, a lo menos, do número legal de membros da Corporación, sen que ningún concelleiro poda solicitar máis de tres anualmente. Dita solicitude terá que facerse por escrito no que se razoe o asunto o asuntos que a motiven asinado persoalmente por todos os que a suscriben. Neste último caso, a celebración do mesmo non poderá demorarse por máis de quince días habiles dende que fose solicitada, non podendo incorporase ó asunto á orde do día dun Pleno ordinario ou de outro extraordinario con máis asuntos se non o autorizan expresamente os solicitantes da convocatoria

Se o Presidente non convocase o Pleno extraordinario solicitado polo número de concelleiros indicado dentro do prazo sinalado, quedará automaticamente convocado para o décimo día hábil seguinte ó da finalización de dito prazo, ás doce horas, o que será notificado polo Secretario da Corporación a tódolos membros do mesmo ó día seguinte da finalización do prazo citado anteriormente. En ausencia do Presidente ou de quen legalmente o substitúa, o Pleno quedará válidamente constituído sempre que concorra o tercio do número legal de membros do mesmo e será presidido polo membro da Corporación de maior idade entre os presentes.

ART. 20 - SESIÓNS EXTRAORDINARIAS DE CARÁCTER URGENTE

Son sesións extraordinarias de carácter urgente as convocadas polo Presidente cando a urxencia do asunto o asuntos a tratar non permite convocar a sesión extraordinaria coa antelación mínima de dous días hábiles esixida legalmente.

Neste caso debe incluírse como primeiro punto da orde do día a ratificación polo Pleno da urxencia da convocatoria. Si dita urxencia non resulta apreciada polo Pleno levantarase a sesión.

ART. 21 - FINALIZACIÓN - UNIDADE DE ACTO

Calquera que sexa a clase de sesión terá que respetar o principio de unidade de acto e rematará no mesmo día do seu comezo. Se este rematase sen que fosen debatidos e resoltos tódolos asuntos incluídos na orde do día, o Presidente poderá levantar a sesión. Neste caso os asuntos non debatidos terán que incluírse na orde do día da seguinte sesión. En todo caso, ningunha sesión terá unha duración superior a oito horas.

ART. 22 - ORDE DO DÍA

1. A orde do día das sesións será fixado polo Presidente asistido polo Secretario. Así mesmo poderá recabar a asistencia dos membros da Xunta de Goberno Local e consultar se o estima oportuno ós portavoces dos grupos existentes na Corporación.
2. Na orde do día so poderán incluírse os asuntos que fosen previamente dictaminados, informados o sometidos a consulta das Comisións Informativas correspondentes.
3. Presidente por razóns de urxencia debidamente motivada poderá incluír na orde do día, a iniciativa propia ou a proposta dalgún dos portavoces, asuntos que non fosen previmante informados pola respectiva Comisión Informativa, pero neste suposto non poderá adoptarse acordo algún sobre estes asuntos sen que o Pleno ratifique a súa inclusión na orde do día
4. Na orde do día das sesións ordinarias incluírse sempre un apartado de control e seguimento da xestión dos órganos municipais de goberno

ART. 23 - CONVOCATORIAS - EXAME DE EXPEDIENTES

- Presidente convocará ós concelleiros á sesión ordinaria ou extraordinaria con dous días hábiles, como mínimo, de antelación, como sinala a lei, remitíndolles xunto coa comunicación da convocatoria a orde do día a que terá que suxeitarse dita sesión, na que figurarán numerados e reseñados suficientemente os asuntos a tratar. Os concelleiros acusarán recibo da convocatoria asinando en comunicación cursada ó efecto.

Pleno da Corporación poderá acordar a utilización de medios telemáticos para a notificación da convocatoria e orde do día das sesións, previo cumprimento dos requisitos legalmente esixidos para elo.

- Se varios concelleiros desexaran examinar os expedientes á vez, distribuiranse entre eles mesmos. Se non se puxesen de acordo, requirirán ó Secretario para que emita un informe-proposta verbal. Se dita proposta tampuco satisface ós interesados, someterase á decisión do Sr. Presidente que resolverá distribuindo o tempo e os expedientes de xeito que estes podan ser vistos por quen quixesen facelo.
- Presidente da Corporación ou o Presidente das Comisións, autorizarán o exame dos expedientes ou antecedentes que teñan relación cos asuntos incluídos na orde do día

ART. 24 - HORARIO DE EXAME DE EXPEDIENTES

O horario de exame de expedientes será ó correspondente ó normal de oficinas. Non obstante, aquel poderá ser ampliado pola Presidencia cando o número ou a importancia dos asuntos así o requira. Dita ampliación será posta en coñecemento dos señores concelleiros e da Secretaría Xeral. Baixo ningún concepto os expedientes poderán extraerse da Secretaría Xeral ou dependencia na que se atopen.

ART. 25 - QUORUM

1. Para a válida constitución do Pleno da Corporación se require a asistencia dun tercio do número legal de membros da Corporación. Este quórum deberá manterse durante toda a sesión. En todo caso se require a asistencia do Presidente e do Secretario ou de quen legalmente os substitúan.
2. Se en primeira convocatoria non existise o quórum necesario segundo o disposto no apartado anterior, entenderase convocada a sesión automaticamente á mesma hora dous días hábiles despois. Se tampouco entón se acadase o quórum necesario a Presidencia deixará sen efecto a convocatoria pospoñendo o estudo dos asuntos incluídos na orde do día para a primeira sesión que se celebre con posterioridade, sexa ordinaria ou extraordinaria. De todo o cal extenderá dilixencia o Secretario actuante.
3. O quórum mínimo dun tercio do número legal de membros da Corporación terá que manterse durante o desenvolvemento da sesión. A tal efecto a ausencia dun ou varios concelleiros, unha vez iniciada a deliberación do asunto, equivale a súa

non presenza e a abstención na votación agás que se incorpora a tempo de emitir o seu voto. A estos efectos se entenderá iniciada a deliberación:

- se se produce debate con intervención dun ou varios concelleiros
- se ningún tivese pedido a palabra nin fixese uso dela o Presidente, cando rematase a lectura da proposta de acordo do asunto correspondente da orde do día.

ART. 26 - QUORUM ESPECIAL

O disposto no artigo anterior enténdese sen prexuízo de que os asuntos a resolver nunha sesión ou algún deles esixan un número especial de asistentes para adoptar acordos válidos sobre eles. Neste caso o quórum preciso para celebrar válidamente a sesión ou adoptar acordos válidos sobre ditos asuntos, será o que se estableza con ese número especial en cada caso.

ART. 27 - ASISTENCIA PÚBLICA

Serán públicas as sesións do Pleno. Nembargantes, poderá ser secreto o debate e a votación de aqueles asuntos que podan afectar o dereito fundamental dos cidadáns a que se refire o art. 18.1 da CE cando así sexa acordado por maioría absoluta do número legal de membros da Corporación.

O público asistente ás sesións non poderá intervir nestas, nin tampouco permitiranse manifestacións de agrado ou desagrado, puidendo a Presidencia proceder, en casos extremos á expulsión do salón de todo aquel que por calquera motivo impida o normal desenvolvemento da sesión.

O réxime de intervención no Pleno de entidades, asociacións, ou particulares será o que se estableza nos regulamentos que regulen a participación cidadana e demais disposicións vixentes.

ART. 28 - ORDE DE COLOCACIÓN DOS GRUPOS

Os membros da Corporación tomarán asento no Salón de Sesións unidos o seu grupo. A orde de colocación dos grupos se determinará polo Presidente, tendo preferencia o grupo formado polos membros da lista máis votada. En calquera caso, a colocación dos membros corporativos tenderá a facilitar a emisión e recuento dos votos.

SECCIÓN 3ª - DOS DEBATES

ART. 29 - ORDE DE ASUNTOS

Agás que a Presidencia dispoña outra cousa a orde en que serán tratados os asuntos se diferenciará en dúas partes

I.- Parte Resolutiva

II.- Parte de Control e Seguimento da xestión dos órganos de Goberno

A modo indicativo da forma seguinte:

I.- PARTE RESOLUTIVA

- a) aprobación do acta anterior
- b) comunicacións da Presidencia
- c) Asuntos dictaminados polas Comisións
- d) Proposicións de carácter urxente

II.- PARTE DE CONTROL E SEGUIMENTO DOS ÓRGANOS DE GOBERNO

- a) Coñecemento de decretos e resolucións do goberno municipal
- b) Mocións
- c) Rogos e Preguntas
- d) Calquera outro medio de control legalmente establecido

ART. 30 - APROBACIÓN DA ACTA ANTERIOR

As sesións comezarán preguntando o Presidente se algún membro da Corporación ten que formular algunha observancia o acta ou actas da sesión anterior ou anteriores que fosen distribuídas antes ou coa convocatoria. Se non se producen observacións se considerará aprobada. Si houberse observacións se debatirán e decidirán as rectificacións que procedan.

En ningún caso poderá modificarse ó fondo dos acordos adoptados e so cabería subsanar os meros erros materiais ou de feito

O reseñar en cada acta a lectura e aprobación da anterior ou anteriores consiganarase as observacións e rectificacións practicadas.

ART. 31 - DEBATE E VOTACIÓN DOS DEMÁIS ASUNTOS

Tódolos asuntos se debatirán e votarán pola orde en que estivesen relacionados na orde do día. Non obstante o Presidente pode alterar a orde dos asuntos, retirar algún asunto ou deixalo sobre a mesa, ben de oficio ou a petición de calquera membro corporativo.

Nas sesións ordinarias concluído o exame dos asuntos da parte resolutiva da orde do día, iniciarase a parte de control e seguimento do goberno municipal e no apartado de mocións, o Presidente preguntará se por razóns de urxencia algún grupo municipal desexa someter á consideración do Pleno algún asunto non comprendido na orde do día e que non teña cabida no apartado de rogos e preguntas.

Se así fose o portavoz do grupo propoñente leerá a proposta de acordo ou acordos, e o Pleno votará acto seguido sobre a urxencia da moción, que necesitará o voto favorable da maioría absoluta do número legal de membros da Corporación para ser estimada dita urxencia e continuar co trámite ordinario dos asuntos incluídos na orde do día.

A Presidencia pode limitar ata un máximo de tres as mocións que presente un grupo municipal nun mesmo Pleno ordinario.

O disposto neste artigo non será de aplicación á moción de censura que se rexerá polo disposto na lexislación electoral.

ART. 32 - TRATAMENTO DE CADA ASUNTO

A consideración de cada punto incluído na orde do día comezará coa lectura íntegra polo Secretario do asunto incluído na orde do día e do dictame formulado pola Comisión Informativa correspondente ou, se se trata dun asunto urxente, non dictaminado pola mesma, da proposición que se somete ó Pleno. A solicitude de calquera grupo, a Presidencia poderá autorizar a lectura íntegra de aquelas partes do expediente ou do dictame da Comisión que se considera conveniente para a súa mellor comprensión.

Se ninguén solicitase a palabra tra-la lectura polo Secretario da orde do día, o asunto someterase directamente a votación ou se entenderá aprobado por unanimidade

ART. 33 - DEBATE: INTERVENCÍONS

1. Se se promove debate as intervencións será ordenadas polo Presidente conforme as seguintes regras:

- so poderá facerse uso da palabra previa autorización do Presidente
- goberno municipal poderá facer uso dun primer turno de explicación cando así o estime oportuno
- No debate os diversos grupos consumirán un primeiro turno de explicación cando así o estimen oportunos
- quen se considere aludido por unha intervención poderña solicitar do Presidente que conceda un turno por alusións que será breve e conciso
- Non se admitirán outras interrupcións agás ás do Presidente para chamar a orde ou á cuestión debatida.

2. Os membros da Corporación poderán en calquera momento do debate pedir a palabra para plantexar unha cuestión de orde, invocando ó efecto a norma sobre a que reclama aplicación. O Presidente resolverá o que proceda sen que por este motivo se entable debate algún.

ART. 34 - DELIBERACIÓNS

1. O Goberno municipal poderá realizar un turno previo de explicación dos dictámenes o proposicións, antes de iniciarse o debate formal dos asuntos.
2. Nas deliberacións poderán intervir cada grupo municipal mediante o portavoz ou outros membros polo orde inverso de representantes na Corporación, consumindo turno en primeiro lugar o grupo mixto, logo os minoritarios e en último término o grupo maioritario.
3. A intervención normal de cada grupo non excederá de cinco minutos. Non obstante, en aqueles temas que pola súa importancia ou complexidade así o requiran, ou a petición de calquera portavoz, o Presidente notificará ó Pleno a duración das intervencións antes de comezar estas e velará para que todas teñan idéntica duración.

El segundo turno tendrá unha duración máxima do 50% do turno anterior

tempo que corresponda ó grupo mixto poderá repartirse por igual entre os representantes das listas que o integran.

4. O Presidente poderá acordar durante o transcurso da sesión que se interrumpa a mesma para permitir as deliberacións dos grupos sobre a cuestión debatida ou para descanso dos debates. Estas interrupcións non terán unha duración superior a dez minutos.

ART.- 35 - CHAMADAS Á ORDE

1. O Presidente poderá chamar a orde a calquera membro da Corporación que:
 - A) profira verbas ou verta conceptos ofensivos ó decoro da Corporación ou dos seus membros, das institucións públicas ou de calquera outra persoa ou entidade.
 - B) Produza interrupcións ou de calquera outra forma altere a orde das sesións
 - C) Pretenda facer uso da palabra sen que lle fose concedida ou unha vez que lle fose retirada
2. Tras tres chamadas á orde na mesma sesión (ou dos chamadas á orde no debate dun mesmo asunto), coa advertencia na última das consecuencias dunha nova chamada, o Presidente poderá ordenar a un concelleiro que abandone o local en que estea celebrando a reunión, adoptando as medidas que considere oportunas para facer efectiva a expulsión.

ART. 36 - ABSTENCIÓN

Nos supostos en que, de conformidade co establecido no art 76 da lei 7/85, algún membro da Corporación deba absterse de participar na deliberación e votación , terá que abandonar o Salón mentres se discuta e vote o asunto, agás cando se trate de debatir a súa actuación como corporativo, no que terá dereito a permanecer e defenderse.

ART. 37 - INTERVENCIONS: TERMINOLOXÍA

Ós efectos de desenvolvemento das sesións e para definir o carácter das intervencións dos membros da Corporación, utilizarase a seguinte terminoloxía:

Dictame: é a proposta sometida ó Pleno tra-lo estudio do expediente pola Comisión Informativa. Contén unha parte expositiva e un acordo ou acordos á adoptar

Proposición: é a proposta que se somete ó Pleno relativa a un asunto incluído na orde do día que acompaña á convocatoria, sen estudio pola Comisión Informativa correspondente. Conterá unha parte expositiva ou xustificación e un acordo ou acordos a adoptar. Non procederá entrar a debatir nin votar unha proposición sen que previamente fose ratificado, de acordo co disposto na lei, a inclusión do asunto na orde do día.

Moción: é a proposta que se somete directamente a coñecemento do Pleno ó abeiro do previsto no regulamento. Poderá formularse por escrito ou oralmente e deberá anunciarse á presidencia antes do comezo da sesión

Voto particular: é a proposta de modificación dun dictame formulada por un membro que forma parte da Comisión Informativa. Deberá acompañar ó dictame dende o día seguinte a súa aprobación pola Comisión

Enmenda: é a proposta de modificación dun dictame ou proposición presentada por calquera membro da Corporación mediante escrito dirixido ó Presidente antes de iniciarse a deliberación do asunto

Rogo: é a formulación dunha proposta de actuación dirixida a algún dos órganos de goberno municipal. Os rogos formulados no seno do Pleno poderán ser debatidos pero en ningún caso sometidos á votación

Poden plantexar rogos tódolos membros da Corporación ou dos grupos políticos a través dos seus portavoces, sempre que os anuncien á Presidencia con 24 horas de antelación ó comezo da sesión. Os rogos poderán ser formulados oralmente ou por escrito e serán debatidos xeralmente na sesión seguinte, sen prexuízo de que o podan ser na mesma sesión que se formulen se o Presidente o estima conveniente. Non poderá formular cada grupo político máis de cinco rogos nunha mesma sesión.

Pregunta: é calquera cuestión plantexada ós órganos de goberno no seno do Pleno. Poden plantexar preguntas tódolos membros da Corporación ou dos grupos municipais a través dos seus portavoces. Serán presentadas con 24 horas de antelación ó comezo da sesión. O Secretario ou os portavoces leerán o encabezamento ou motivo da mesma e a traladará ó preguntado; non obstante poden considerarse por formuladas previo anuncio polo Presidente do número das mesmas presentadas por cada grupo e ser contestadas por escrito antes da celebración da próxima sesión ordinaria.

SECCIÓN 4ª - DAS VOTACIÓNS

ART. 38 - FORMALIDADES

Finalizado o debate dun asunto, procederase á votación. Antes de comezar a votación o Presidente plantexará clara e concisamente os termos da mesma e a forma de emitir o seu voto.

Unha vez iniciada a votación non pode interromperse por ningún motivo. Durante o desenvolvemento da votación o Presidente non concederá o uso da palabra e ningún membro corporativo poderá entrar no Salón de sesións ou abandonalo.

ART. 39 - ADOPCIÓN DE ACORDOS

O Pleno da Corporación adopta os seus acordos como regra xeral por maioría simple dos membros presentes. Existe maioría simple cando os votos afirmativos son máis que os negativos.

Entenderase por maioría absoluta cando os votos afirmativos son máis da metade do número legal de membros da Corporación.

ART. 40 - CARÁCTER PERSOAL E INDELEGABLE DO VOTO

O voto dos concelleiros é persoal e indelegable

ART. 41 - SENSO DO VOTO

O voto pode emitirse en senso afirmativo ou negativo, poidendo os membros da Corporación absterse na votación. A efectos da votación entenderase que se absteñen os membros da Corporación que se ausentasen do Salón de Sesións unha vez iniciada a deliberación do asunto e non estivesen presentes no momento da votación. No suposto de que se reintegrasen ó salón de sesións antes da votación poderán dende logo tomar parte na mesma. No caso de votacións con resultado de empate efectuarase unha nova votación e se persistise o empate decidirá o voto de calidade do Presidente.

ART. 42 - TIPOS DE VOTACIÓNS

As votacións poden ser ordinarias, nominais e secretas:

Son ordinarias as que se manifestan por signos convencionais de asentemento, disentemento ou abstención

Son nominais aquelas votacións que se realizan mediante chamamento por orde alfabético de apelidos e sempre en último lugar o Presidente e na que cada membro da Corporación ó ser chamado responde en voz alta “sí” , “ non “ ou “ me absteño”

Son secretas as que se realizan por papeleta que cada membro da Corporación deposite nunha urna ou bolsa.

ART. 43 - VOTACIÓN ORDINARIA

A votación ordinaria será o sistema norma de votación

ART. 44 - VOTACIÓN NOMINAL

A votación nominal requerirá a solicitude dun grupo municipal aprobada polo Pleno por unha maioría simple en votación ordinaria de acordo co disposto no art. 46 da lei 7/85

ART. 45 - VOTACIÓN SECRETA

A votación secreta so poderá utilizarse para a elección ou destitución de persoas así como no tratamento de asuntos que podan afectar o dereito fundamental dos cidadáns a que se refire o art. 18.1 da CE cando así sexa acordado por maioría absoluta do número legal de membros da Corporación

ART. 46.- CÓMPUTO DE VOTOS E RESULTADO

Cando existan enmendas ou votos particulares se someterán a votación en primeiro lugar s enmendas e votos particulares e en último as propostas. Se o resultado dunha votación é positivo non haberá máis debate nin votacións sobre o mesmo obxecto concreto da votación. Rematada a votación ordinaria o Presidente declarará o acordado. Inmediatamente de concluir a votación nominal ou secreta, o Secretario computará os votos emitidos e anunciará en voz alta o seu resultado, en vista do cal o Presidente proclamará o acordo adoptado.

ART. 47 - EXPLICACIÓN DO VOTO

Proclamado o acordo os grupos que non interviñesen no debate ou que tra-lo mesmo cambiasen o senso do seu voto poderán solicitar do Presidente un turno de explicación do voto, sendo facultativo de éste o otorgalo ou non.

SECCIÓN 5ª - DO CONTROL E FISCALIZACIÓN DOS DEMÁIS ÓRGANOS DE GOBERNO POLO PLENO

ART. 48 - PROHIBICIÓN DE REITERACIÓN DE CONTROLES SOBRE O MESMO OBXECTO

O control e fiscalización que puidese exercer o Pleno sobre a actuación dalgún órgano en relación con materias concretas e determinadas non poderá ser obxecto de novo control agás que se producisen novas circunstancias ou existan outras que non puidesen ser tomadas en consideración no seu día.

ART. 49 - MEDIOS

Sen prexuízo das funcións asignadas ás Comisións, o control e fiscalización da actuación dos órganos de goberno exercerase polo Pleno a través dos seguintes medios:

- requerimento de presenza e información de membros corporativos ou directivos que ostenten delegación.
- control sobre a actuación da Xunta de Goberno Local
- moción de censura ó Alcalde

ART. 50 - DEBER DE COMPARECENCIA

Todo membro da Corporación u órgano directivo o asimilado que por delegación ostente responsabilidade nun área de xestión, estará obrigado a comparecer ante o Pleno cando éste así o acorde, co obxecto de responder ás preguntas que se lle formulen sobre a súa actuación.

ART. 51 - REQUERIMENTO DE PRESENCIA E INFORMACION DE MEMBROS CORPORATIVOS OU DIRECTIVOS QUE OSTENTEN DELEGACIÓN

Acordada polo Pleno a comparecencia de membros corporativos ou directivos que ostenten delegación, o Presidente incluírá o asunto na orde do día da próxima sesión ordinaria ou extraordinaria a celebrar polo Pleno da Corporación notificando ó interesado o acordo adoptado e a data en que deberá comparecer. Entre esta notificación e a celebración da sesión deberán transcurrir a lo menos tres días. No desenvolvemento das comparecencias se seguirá a orde das intervencións establecidas no regulamento intervindo o informante para dar resposta ás preguntas que lle formulen os diversos grupos políticos da Corporación. En ningún caso deste comparecencia poderá derivar a adopción de acordos sen cumprirse os requisitos regulamentariamente establecidos.

ART. 52 - CONTROL SOBRE A ACTUACIÓN DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL

O Pleno a proposta do Presidente ou mediante solicitude da carta parte do número legal de membros poderá acordar a celebración de sesión extraordinaria para someter a debate a xestión da Xunta de Goberno Local. O desenvolvemento da sesión a que se fai referencia suxeitarase ó establecido con carácter xeral intervindo en primeiro lugar o autor da proposta para explicar o senso da mesma. Contestará un membro da Xunta de Goberno Local designado por esta e despois de sendos turnos de réplica poderán intervir os demais grupos políticos da Corporación

Como consecuencia do debate poderá presentarse unha moción co obxecto de que o Pleno manifeste a súa posición sobre a xestión da Xunta de Goberno Local. Se o Pleno admite debatir a moción, esta se incluírá na orde do día da seguinte sesión plenaria, ordinaria ou extraordinaria.

ART. 53 - MOCIÓNS DE CENSURA E CUESTIÓNS DE CONFIANZA

As mocións de censura ó Alcalde que samente poderán plantexarse ante o Pleno, axustaranse ó disposto na lexislación electoral xeral.

Do mesmo modo, o Alcalde poderá plantexar ó Pleno unha cuestión de confianza nos termos establecidos na lexislación electoral xeral.

O debate de demáis aspectos do procedemento se rexerán polo presente regulamento orgánico.

SECCIÓN 6ª - DAS ACTAS

ART. 54 - CONTIDO

De cada sesión o Secretario extenderá acta na que haberá de constar:

- A) lugar da reunión con expresión do nome de municipio e local no que se celebra
- B) día , mes e ano
- C) hora en qué comeza
- D) nome e apelidos do Presidente, dos membros da Corporación presentes, dos ausentes que presentasen excusa e dos que falten sen excusa
- E) carácter ordinario ou extraordinario da sesión e si se celebra en primeira ou segunda convocatoria
- F) asistencia do Secretario-Interventor
- G) asuntos que se examinen, opinións sintetizadas dos grupos ou membros da Corporación que tivesen intervido nas deliberacións e incidencias destas
- H) votacións que se verifiquen e no caso das nominais o senso en que cada un emita o seu voto. Nas votacións ordinarias farase constar número de votos afirmativos, dos negativos e das abstencións. Farase constar nominalmente o senso do voto cando así o pidan os interesados.
- I) parte dispositiva dos acordos que se adopten
- J) hora na que o Presidente levanta a sesión

ART. 55 - LIBRO DE ACTAS

Unha vez aprobada o acta polo Pleno se transcribirá no Libro de actas correspondente, autorizándoa coas firmas do Presidente e do Secretario.

CAPÍTULO II - AS COMISIÓNS

SECCIÓN 1ª - DISPOSICIÓNS COMÚNS

ART. 56 - DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS

As Comisións denominadas informativas son as reguladas no art. 122.4a) da Lei 7/85 e son órganos sen atribucións resolutorias que teñen por obxecto o estudio, informe o consulta dos asuntos que teñan que ser sometidos á decisión do Pleno da Corporación, agás cando teñan que adoptarse acordos declarados urxentes. Poderán ser permanentes ou especiais

ART. 57 - COMISIÓNS PERMANENTES

As Comisións Informativas permanentes están integradas exclusivamente por membros da Corporación e nelas participarán tódolos grupos políticos que a integren xa sexa de modo proporcional á súa representatividade ou de xeito igual para cada grupo aplicándose neste último caso o sistema de voto ponderado

ART. 58 - COMISIÓNS INFORMATIVAS ESPECIAIS

As Comisións Informativas especiais serán creadas por Decreto de Alcaldía para o estudo dalgún asunto concreto en consideración as súas características especiais de calquera tipo. Estas Comisións agás disposición expresa en contrario extingúense automaticamente unha vez fose dictaminado ou informado o asunto que constitúe o seu obxecto. Do decreto de creación darase conta ó Pleno así como ós portavoces para o nomeamento dos seus representantes na Comisión.

ART. 59 - RÉXIME DE FUNCIONAMENTO

No acordo polo que se creen as Comisións Informativas determinarase a composición concreta das mesmas tendo en conta as seguintes regras:

- Alcalde é o Presidente nato de todas elas. Nembargantes a Presidencia efectiva poderá delegala en calquera concelleiro a proposta da propia Comisión
- Cada Comisión estará integrada de xeito que a súa composición poda acomodarse á proporcionalidade existente entre os distintos grupos políticos representados na Corporación
- a adscrición concreta a cada Comisión dos membros da Corporación que deban formar parte da mesma en representación do grupo municipal realizarase mediante escrito do portavoz do mesmo dirixido ó Alcalde e do que se dará conta ó Pleno. De igual xeito designarase tanto suplentes como titulares.

ART. 60 - RÉXIME DE SESIÓNS

As Comisións Informativas celebrarán sesións ordinarias coa periodicidade que sexa acordada no momento da constitucións nos días e horas que estableza o Presidente, quen poderá así mesmo, convocar sesións extraordinarias ou urxentes das mesmas

As sesións poderán celebrarse na sede da entidade respectiva ou en outras dependencias da mesma

As convocatorias corresponden ó Presidente da Comisión e deberán ser notificadas ós membros da Comisión ou no seu caso ós grupos municipais cunha antelación mínima de dous días hábiles agás as urxentes. En todo caso acompañarase a orde do día. Poderá utilizarse a notificación da convocatoria e da orde do día por vía telemática se o Pleno así o acordase para as súas sesións.

ART. 61 - QUÓRUM

A válida celebración das sesións require a presenza da maioría absoluta dos compoñentes da Comisión xa sexan titulares ou suplentes, en primeira convocatoria e un mínimo de tres membros en segunda convocatoria, media hora máis tarde. Se a representación é igualitaria, a que represente a maioría absoluta

O Presidente dirixe e ordena ó seu prudente arbitrio respetando os principios xerais que rexen os debates plenarios, os debates da Comisión

Os dictames aprobaranse sempre por maioría simple dos presentes decidindo os empates o Presidente co voto de calidade.

ART. 62 - DELIBERACIÓN

Ningunha Comisión poderá deliberar sobre asuntos da competencia doutra a menos que se trate de problemas comúns no que poderá celebrarse unha sesión conxunta.

O dictame da Comisión poderá limitarse a mostrar a súa conformidade coa proposta que lle sexa sometida polos servicios administrativos competentes ou ben formular unha alternativa. Os membros da Comisión que disientan do dictame aprobado por esta poderán pedir que conste o seu voto en contra ou formular voto particular para a súa defensa ante o Pleno.

ART. 63 - DICTAMES DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS

Os dictames das Comisións Informativas teñen carácter preceptivo e non vinculante.

En supostos de urxencia o Pleno, poderán adoptar acordos sobre asuntos non dictaminados pola correspondente Comisión Informativa dos que deberá darse conta á mesma na primeira sesión que celebre.

ART. 64 - ASISTENCIA DOUTROS MEMBROS

O Presidente de cada Comisión poderá requerir a presenza nas súas sesións do persoal municipal ou membros da Corporación, a efectos informativos

ART. 65 - ACTAS

De cada sesión das Comisións Informativas levantarase acta na que se farán constar os extremos a que se refiren os apartados a), b), c), d), f) g) e j) do art. 54 do presente regulamento e a que se acompañarán os dictames que fosen aprobados e os votos particulares formulados

Sección 2ª - OUTRAS COMISIÓNS

ART. 66 - COMISIÓN ESPECIAL DE CONTAS

A Comisión Especial de Contas prevista no art. 116 da Lei 7/85 de 2 de abril e 59.2 da lei 5/97 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia, constituirase e funcionará na mesma forma que as demais Comisións Informativas permanentes.

Corresponde á Comisión Especial de Contas o exame, estudo e informe de tódalas contas orzamentarias presupostarias e extrapresupostarias que debe aproba-lo Pleno da Corporación de acordo co establecido na lexislación de réxime local.

CAPÍTULO III - O ALCALDE

ART. 67 - ATRIBUCIÓNS DO ALCALDE

O Alcalde ostenta a máxima representación do municipio e é o responsable da súa xestión política ante o Pleno. Corresponde o Alcalde o exercicio das atribucións que as leis lle confiran. O Alcalde dara conta sucinta á Corporación en cada sesión ordinaria do Pleno dos decretos que dictase dende a última sesión ordinaria para que os concelleiros coñezan o desenvolvemento da administración municipal ós efectos de control e fiscalización dos órganos de goberno previstos no art. 123.1 a) da Lei 7/85 de 2 de abril

ART. 68 - DELEGACIÓNS DE ALCALDÍA

O Alcalde cando o estime conveniente e existan circunstancias de índole técnica, económica, social ou xurídica que o aconsellen, poderá efectuar delegacións en favor da Xunta de Goberno Local, dos seus membros, dos demais concelleiros e no seu caso a favor dos coordinadores xerais, directores xerais ou órganos asimilados nos termos indicados na lei 7/85. O decreto sobre a delegación de atribucións fixará o alcance e os cometidos específicos da mesma.

ART. 69 - DELEGACIÓNS XENÉRICAS

As delegacións xenéricas se referirán a unha ou varias áreas ou materias determinadas e poderán abarcar tanto a facultade de dirixir os servicios correspondentes como as de xestionalos, en xeral, incluída a facultade de resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros.

Agás mención expresa, se incluírían en ditas delegacións todas aquelas que resulten necesarias para a axeitada xestión da área ou servicio

ART. 70 - OUTRAS DELEGACIÓNS

Poderá tamén o Alcalde efectuar delegacións en calquera concelleiro para a dirección e xestión de asuntos determinados incluídos no artigo anterior. Neste caso o concelleiro que ostente unha delegación xenérica terá a facultade de supervisar a actuación dos concelleiros con delegacións especiais para cometidos específicos na súa área

Estas delegacións especiais poderán ser de tres tipos.

A) relativas a un proxecto ou asunto determinado. Neste caso a eficacia da delegación que poderá conter tódalas facultades delegables do Alcalde incluída a de emitir actos que afecten a terceiros, limitarase ó tempo de xestión ou execución do proxecto.

B) relativas a un determinado servicio. Neste caso a delegación comprenderá a dirección interna dos servicios correspondentes pero non poderá incluír a facultade de resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros.

C) relativas a un distrito ou barrio. Poderán incluír tódalas facultades delegables do Alcalde en relación con certas materias pero circunscritas ó ámbito territorial da delegación. En caso de coexistir este tipo de delegacións establecerán os mecanismos de coordinación entre unhas e outras de tal xeito que quede garantida a unidade de goberno e xestión do municipio.

ART. 71 - PROCEDEMENTO

As delegacións a que se refiren os arts anteriores serán realizadas mediante decreto de Alcaldía que conterá o ámbito dos asuntos a que se refire a delegación, as facultades que se deleguen así como as condicións específicas do exercicio das mesmas na medida en que se concreten ou aparten do réxime xeral previsto neste regulamento. A delegación de atribucións do Alcalde surtirá efecto dende o día seguinte á data do Decreto, agás que nela se dispoña outra cousa e sen prexuízo da súa publicación polos medios de costume previa aceptación. De tódalas delegacións e das súas modificacións darase conta ó Pleno na primeira sesión que celebre. Os decretos dos delegados inscribíranse no libro de resolucións de Alcaldía e porán fin á vía administrativa agás nos casos previstos no art. 70.b)

CAPÍTULO IV - OS TENENTES DE ALCALDE

ART. 72 - NOMEAMENTO

O nomeamento dos tenentes de Alcalde será libremente realizado polo Alcalde de entre os concelleiros que formen parte da Xunta de Goberno Local

O nomeamento así como o cese farase mediante decreto do Alcalde do que se dará conta ó Pleno na primeira sesión que celebre, notificándose ademais persoalmente ós designados e facéndose público polos medios de costume, todo ello, sen prexuízo da súa efectividade dende o día seguinte á firma do Decreto polo Alcalde se nela con se dispuxese outra cousa.

ART. 73 - PERDA DA CONDICIÓN

A condición de tenente de Alcalde pérdese ademais de polo cese, por renuncia expresa manifestada por escrito e por perda da condición de membro da Xunta de Goberno Local.

ART. 74 - FUNCIONS

Corresponde ós tenentes de Alcalde, en canto tales, substituír ó Alcalde na totalidade das súas funcións e polo orde do seu nomeamento nos casos de vacante, ausencia ou enfermidade ou impedimento que imposibilite a éste para o exercicio das súas atribucións

En caso de ausencia, enfermidade ou impedimento, as funcións do Alcalde non poderán ser asumidas polo tenente de Alcalde a quen corresponda sen expresa delegación na forma sinalada neste regulamento. Non obstante cando o Alcalde se ausente do termo municipal por máis de 24 horas, sen ter conferido a delegación, ou cando por causa imprevista lle fose imposible outorgala, sustituiralle o tenente de Alcalde a quen corresponda dando conta ó Pleno da Corporación

ART. 75 - LIMITACIÓN DE FUNCIONS

Nos supostos de substitución do Alcalde por razóns de ausencia ou enfermidade o tenente de Alcalde que asume as súas funcións non poderá revocar as delegacións que tivese outorgado o primeiro.

CAPÍTULO V - A XUNTA DE GOBERNO LOCAL

ART. 76 - COMPOSICIÓN

- De conformidade co disposto no art. 126 da lei 7/85 a Xunta de Goberno Local é o órgano que baixo a presidencia do Alcalde colabora de forma colexiada na función de dirección política que a éste corresponde e exerce as funcións executivas e administrativas que se sinalan no art. 127 da Lei 7/85.
- a Xunta de Goberno Local confórmase con membros de designación obrigatoria entre os concelleiros e no seu caso con outros designados polo Alcalde todo elo nos termos e condicións establecidos na lei 7/85
- corresponde ó Alcalde nomear e separar libremente ós membros da Xunta de Goberno Local, cuio número non poderá exceder dun tercio do número legal de membros do Pleno ademais do Alcalde´.

- tódolos membros da Xunta de Goberno Local terán o mesmo réxime de honores, distincións e incompatibilidades e poderán dispor do mesmo réxime de retribucións.

ART. 77 - CONSTITUCIÓN E PERIODICIDADE DAS SESIÓNS

A Xunta de Goberno Local celebrará sesión constitutiva a convocatoria do Alcalde, dentro dos quince días seguintes a aquel en que éste teña designado os membros que a integran

Corresponde o Alcalde fixar mediante decreto a periodicidade e o día e a hora das sesións ordinarias. As sesións extraordinarias e as urxentes terán lugar cando con tal carácter sexan convocadas polo Alcalde. O Alcalde porá en calquera momento, reunir a Xunta de Goberno local, cando estime necesario coñecer o seu parecer ou pedir a súa asistencia con anterioridade a dictar decretos en exercicio das atribucións que lle correspondan.

ART. 78 - RÉXIME DE FUNCIONAMENTO

As sesións da Xunta de Goberno Local axustaranse ó disposto na lexislación vixente e neste regulamento para as sesións plenarias coas modificacións seguintes:

- entre a convocatoria e a celebración da sesión non poderá transcorrir menos de 24 horas agás nos casos de sesións extraordinarias e urxentes nas que antes de entrar a coñecer os asuntos incluídos na orde do día, terá que ser ratificada a urxencia mediante acordo favorable da maioría dos membros.
- as deliberacións da Xunta de Goberno Local serán secretas sen prexuízo da publicidade e comunicación ás Administración estatal e autonómica dos acordos adoptados. Ademáis no prazo de dez días deberá enivarse a tódolos portavoces dos grupos da Corporación copia do extracto dos acordos adoptados
- para a válida constitución da Xunta de Goberno Local se require a asistencia dun tercio do número de membros que a compoñen non podendo ser nunca inferior e tres, incluído o Alcalde. Este quórum debe manterse durante toda a sesión. Se non existise quórum e primeira convocatoria se constituirá en segunda convocatoria 48 horas máis tarde co mesmo quórum mínimo sinalado anteriormente.
- Alcalde dirixe e ordena ó seu prudente arbitrio os debates no seno da Xunta de Goberno Local.
- as actas das sesións da Xunta de Goberno Local que terán o formato e contido das do Pleno, aínda que adaptadas á composición deste órgano serán suscritas polo Secretario e transcribíranse nun libro distinto ó das actas do Pleno.

DISPOSICIÓN FINAL

ÚNICA - ENTRADA EN VIGOR

El presente regulamento entrará en vigor ós quince días da súa completa publicación no Boletín Oficial da Provincia